

Exp. 513/2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO PARA A ORGANIZACIÓN DO 1ª MASTER INTERNACIONAL CARCROSS EXCMO. CONCELLO DE OURENSE

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público para os efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Gonzalo Pérez Jácome con DNI: ***6044**, que actúa en nome e representación do Consello Municipal de Deportes de Ourense, (en diante CMD), con domicilio en R/ Pardo de Cela núm. 2 de Ourense e NIF: P-8260001-F, en calidade de Presidente do Consello Municipal de Deportes, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 12.1 dos Estatutos del CMD.

Doutra parte, don Iván Hermesindo Corral Pérez, con DNI: ***9296**, en calidade de presidente da Comisión Xestora da Federación Galega de Automobilismo, con CIF n.º Q-82550031, segundo se acredita na certificación emitida pola secretaria da Comisión Xestora da Federación Galega de Automobilismo de data 29.09.2022 que consta no expediente administrativo.

A Secretaria do Consello Municipal de Deportes dona Silvia Alonso Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a firma do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, limítase a comprobar a identidade dos intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das firmas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento.

Ambos, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración deportiva e para iso

EXPOÑEN

I.- Que, de conformidade co disposto no Artigo 80 da Lei 5/1997 da *Administración Local de Galicia*, son competencias dos municipios as actividades e instalacións culturais e deportivas,



así como na Lei 70/1985 de Bases reguladoras do Réxime Local no seu artigo 25.L, que marca como competencia municipal a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Que a Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia no seu artigo 8 define como competencias dos municipios, entre outras, o fomento, a promoción e difusión do deporte xunto con calquera outra actuación que redunde no desenvolvemento do sistema deportivo local.

III.- Que as Federacións Deportivas son, de acordo co disposto na Lei 10/1990, do 10 de outubro, do Deporte, *"Entidades privadas, con personalidade xurídica propia, cuxo ámbito de actuación esténdese ao conxunto do territorio do Estado, no desenvolvemento das competencias que lle son propias, integradas por Federacións deportivas de ámbito autonómico, Clubs deportivos, deportistas, técnicos, xuíces e árbitros, Ligas Profesionais, se as houbese, e outros colectivos interesados que promoven, practican ou contribúen ao desenvolvemento do deporte"*, e que *"ademais das súas propias atribucións, exercen, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración Pública"*. Entre as devanditas funcións públicas, a citada Lei estatal do Deporte, inclúe no seu artigo 33 a de *"Cualificar e organizar, no seu caso, as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito estatal"*.

IV.- Que a Federación Galega de Automovilismo segundo consta nos seus estatutos forma parte da Federación Española de Automovilismo e entre as súas funcións están as de colaborar coas administracións públicas, coa Federación Española así como coas restantes entidades deportivas nas promoción das súas respectivas modalidades e organizar as competicións oficiais autonómicas que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, como función pública delegada en virtude da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

V.- Que a Federación Galega de Automovilismo coorganiza coa Escudería Ourense e Escudería HC Competición o 1º Master Internacional de Carcross Excmo. Concello de Ourense que terá lugar os días 5 e 6 de novembro de 2022 na estrada de Castro de Beiro, dentro do Termo Municipal de Ourense. A proba disputarase de acordo coas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2022, o regulamento xeral, o regulamento particular, no C.D.I (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a todos os campionatos e copas F.I.A, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automovilismo o día 23 de setembro de 2022. A proba conta co permiso de organización da FGA núm. GA-047-RA.

E considerándose ambas as partes con capacidade suficiente para obrigarse, acordan celebrar o presente convenio en base ás seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é articular a colaboración entre o Consello Municipal de Deportes e a Federación Galega de Automovilismo (en diante FGA), para a organización do 1º



Master Internacional de Carcross Excmo. Concello de Ourense que terá lugar os días 5 e 6 de novembro de 2022, na estrada de Castro de Beiro dentro do Termo Municipal de Ourense.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FGA

A FGA asume como organizadora da proba deportiva as seguintes obrigas:

- Dar cumprimento ó regulamento particular aprobado pola propia Federación o 23 de setembro de 2022. En particular deberá dispoñer dos medios persoais e materiais necesarios para dar cumprimento ó manual de seguridade da proba que forma parte do dito regulamento. Como organizador da proba asume todas as responsabilidades derivadas do seu desenvolvemento fronte a terceiros.
- Obter as autorizacións sectoriais necesarias para a celebración da proba, agás as que lle corresponda outorgar ó Concello de Ourense que tramitará de oficio a petición do Consello Municipal de Deportes (informes Policía Local, etc).
- Contratación os seguros de responsabilidade civil que procedan e seguro de accidentes para todos os participantes na proba.
- Protección civil, médicos, ambulancias e demais servizos legalmente necesarios que garantan a cobertura médico-sanitaria do evento.
- Vinculación da imaxe institucional do Consello Municipal de Deportes/Concello de Ourense á proba como entidade colaboradora, debendo por tanto estar presente en todos os actos que teñan lugar con ocasión da celebración do evento, así como en todos os elementos e soportes que se produzan con este motivo, incluíndo o material impreso e a páxina web e redes sociais da FGA.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.

O Consello Municipal de Deportes, como entidade colaboradora do evento asume as seguintes obrigas:

- Asumir o custo económico dos premios previstos no regulamento particular da proba polo importe máximo de 15.000 €, con cargo ós orzamento do CMD para o ano 2022.

Finalizada a proba e sobre a base da certificación de resultados que emita a FGA, por resolución da Presidencia do CMD aprobarase a concesión dos premios coa identificación dos importes e beneficiarios, e coa aplicación, no seu caso, das correspondentes retencións fiscais conforme á normativa tributaria vixente.

- Xestionar coa Concellería de Seguridade Cidadá a colaboración na celebración da proba dos servizos municipais de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros.

CUARTA.- PRAZO DE VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o día seguinte ó da celebración da proba, salvo previa denuncia de calquera das partes. O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia, sen prexuízo de que o seu cumprimento fiel e puntual poida ser demandado ante a xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



Establécese unha comisión de seguimento deste convenio coas seguintes funcións:

- a. O seguimento e control da execución e interpretación do convenio.
- b. A resolución das incidencias que puideran xurdir na súa execución.
- c. Nos casos de incumprimento do convenio, a negociación dos termos para a súa resolución.

A comisión de seguimento estará integrada polas seguintes persoas:

Presidente: o presidente do CMD ou concelleiro no que delegue.

Vogais: o xerente do CMD e un representante da FGA

Secretario: un funcionario do CMD designado pola Presidencia con voz e sen voto.

Poderán asistir ás reunións da comisión técnicos designados polas partes, con voz pero sen voto.

A comisión adoptará os seus acordos por consenso entre as partes.

A comisión poderá adoptar as súas propias normas de funcionamento. Supletoriamente, serán de aplicación as normas comúns de funcionamento dos órganos colexiados establecidos na lexislación sobre réxime xurídico do sector público e sobre procedemento administrativo común.

SEXTA.- MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DO CONVENIO.

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes -no caso do CMD deberá ser aprobada a modificación polo Consello Reitor-, sen prexuízo das regras sobre extinción anticipada previstas nesta cláusula.

Serán causas de extinción do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo máximo previsto na cláusula quinta.
- O mutuo acordo entre as partes.
- O incumprimento das súas obrigas e compromisos por calquera das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados para a súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, subscríbese o presente convenio por ámbalas partes coa súa sinatura electrónica.

